

## Obxectivos

Esta Xornada, absolutamente pioneira en España, analizará a prestación de servizos “en nube” (cloud computing), hoxe en día o desenvolvemento de maior envergadura en Internet. Utilidades que de ordinario só se prestan dende o propio ordenador ou rede corporativa, comezan a ofrecerse en cada vez maior medida a través da Rede: contas de correo electrónico, tratamento de textos ou programas esenciais para Administracións ou empresas (para xestionar nóminas, por exemplo). En virtude diso, os datos deixan de almacenarse nos servidores do usuario (Administración, empresa, individuo), para facelo nos da empresa que presta o servizo, ou como algúns prefiren dicir, en Internet, na “nube”. Esta evolución producirá sen dúbida importantes vantaxes para a Administración e a empresa (maior cooperación e aforro de custos, entre outras moitas), aínda que tamén apunta serios riscos (intimidade e protección de datos, ou seguridade destes).

## Destinatarios

Persoal da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

## Coordinador

Pablo García Mexía.

## Inscripción

Ver DOG nº 238, do venres 4 de decembro.

## Información

<http://egap.xunta.es> | 981 546 241 / 881 997 014



# XORNADA SOBRE INTERNET E SERVIZOS EN NUBE: RETOS E OPORTUNIDADES PARA A EMPRESA E A ADMINISTRACIÓN

14 de decembro de 2009  
EGAP | Rúa de Madrid, 2-4  
Santiago de Compostela

## Luns, 14 de decembro

**9:30 | Inauguración da xornada.**

**10:00 | A nube no universo de Internet.**

Carmen Costilla, profesora titular de Enxeñaría Telemática, ETSI Telecomunicación, Universidade Politécnica de Madrid.

**11:30 | Pausa Café.**

**12:00 | Mesa redonda: a nube na industria.**

Compoñentes:

César de la Torre Llorente, architect advisor, Microsoft División de Desarrolladores y Plataforma.

Raúl Duque, director de Pre-Vendas de Oracle.

Esaú Alonso Elizo, director de Sector Público de Salesforce.

Moderador: Jorge Villarino Marzo, letrado das Cortes Xerais; candidato a Doutor na Cátedra de Dereito e Goberno de Internet, Universidade Internacional de La Rioja.

**15:45 | O dereito ante a nube.**

Pablo García Mexía, catedrático de Dereito e Goberno de Internet, Universidade Internacional de La Rioja; letrado das Cortes Xerais.

**17:15 | A nube e as súas implicacións para a política e a Administración.**

Javier de Andrés Blasco, director do Centro de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions, Congreso dos Deputados.

**18:45 | Clausura.**

